

OS SOCIOS DO PROXECTO CODIGOMAIS REÚNENSE PARA CELEBRAR O SEU ÚLTIMO COMITÉ DE XESTIÓN

Á 12ª reunión de socios de *CodigoMais*, que se celebrou por videoconferencia, asistiron os beneficiarios do proxecto para expoñer os avances e resultados acadados.

Santiago, 30 de novembro de 2020.- O proxecto *CodigoMais* foi aprobado no marco da primeira convocatoria de Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e está liderado pola ACIS.

Xunto á ACIS, participan neste proxecto outras catro organizacións galegas e catro portuguesas. Por parte de Galicia, as Universidades de Santiago e de Vigo (USC e UVigo), o Clúster de Saúde de Galicia (CGS) e o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA). Do Norte de Portugal, o International Iberian Nanotechnology Laboratory (INL), o Health Cluster Portugal–Associação do Pólo de Competitividade da Saúde (HCP), a Universidade do Porto - Facultade de Medicina (FMUP) e o Centro Clínico Académico Braga (2CA-Braga).

O obxectivo xeral de *CodigoMais* é a constitución e dinamización dun Ecosistema Transfronteirizo (Galicia-Norte de Portugal) Innovador no sector da saúde que permita integrar os principais actores públicos e privados, fomentar as capacidades e oportunidades de valorización do coñecemento e estimular o funcionamento dun polo de competitividade de excelencia relacionado con este sector. Trátase de impulsar a cooperación segundo o modelo cuádruplo hélice (administración, centros de I+D+i e Universidades, empresas e usuarios finais) e a valorización orientada ao mercado dos resultados da investigación.

Para a análise das necesidades e características deste ecosistema contouse cos principais stakeholders de ambas as dúas beiras da fronteira. Ademais da elaboración dun plan estratéxico do ecosistema onde se recollen as prioridades e o plan de acción, desenvolveuse unha plataforma web HIPOD como o espazo virtual de encontro dos membros do mesmo e do marketplace asociado.

Entre os resultados acadados no proxecto atópanse a integración dos socios nun Ecosistema Transfronteirizo de Innovación estable, aberto a todos os actores craves públicos e privados do sector da saúde, un itinerario común de valorización de proxectos de investigación orientados ao mercado no sector biosanitario e a súa aplicación a proxectos áncora con potencial para converterse en spin-offs de base tecnolóxica, a introdución na área de Cooperación de modelos de innovación aberta dos servizos socio-sanitarios, baseados en innovación aberta e técnicas de co-deseño e co-creación ou a posta en marcha dun polo de competitividade transfronteiriza no sector da saúde cunha forte orientación internacional.

O pasado día 30 de xullo de 2020 tivo lugar o Evento Final do proxecto, celebrado de xeito virtual debido á actual crise da COVID-19. A conferencia versou sobre o uso da Intelixencia Artificial e Medicina Dixital no Coidado da Saúde e contou cunha sesión de «Pitch» con 6 proxectos empresariais disruptivos no ámbito sanitario de Galicia e Norte de Portugal que foron avaliados e premiados por un xurado especializado na materia.

CONTIDO RELACIONADO

Web do proxecto

CODIGOMAIS
project - Interreg
Spain-Portugal
(POCTEP)

